

Desenvolvimento do ensino a distancia ante a COVID-19.

CEIP Albeiros

Curso 2020/2021



ÍNDICE

<i>INTRODUCCIÓN</i>	2
<i>OBXECTIVO</i>	2
<i>DISTRIBUCIÓN DA CARGA LECTIVA DAS MATERIAS</i>	2
<i>HORARIOS ESPELLO</i>	3-8.
<i>ACTIVIDADE LECTIVA A DISTANCIA</i>	8-9
<i>FORMACIÓN</i>	9
<i>PLATAFORMAS A UTILIZAR DURANTE O CONFINAMENTO</i>	9
<i>ANÁLISE DAS NECESIDADES DE DISPOSITIVOS ENTRE O ALUMNADO.</i>	11
<i>AULA VIRTUAL DO CENTRO</i>	11
<i>DISTRIBUCIÓN DE MEDIOS INFORMÁTICOS</i>	11
<i>CONTROL E SEGUIMIENTO DA ACTIVIDADE LECTIVA.</i>	11-12
<i>PECHE OU CONFINAMENTO</i>	12

Introdución

A Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino adistancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19. No seu artigo 3 establece que "A dirección do centro educativo, en coordinación co equipo docente do grupo de alumnos, elaborará un horario semellante ao que se está desenvolvendo na actualidade en réxime de presencialidade ou semipresencialidade, coa carga horaria que se estime pertinente para cada área, ámbitos, materia ou módulo, respectando un mínimo do 60% da carga lectiva de cada área, ámbito, materia, módulo establecido na normativa vixente, tendo en conta o esforzo que vai a supoñer para o alumnado e o profesorado o seguimento da actividade a través de medios telemáticos.

Ademais establécese que as aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en diante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a Consellería. O seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo".

No Anexo I Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 (versión 4 novembro 2020) no punto 2 establece que "Para garantir a continuidade, o centro establecerá unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflecta o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve, de acordo co previsto na Resolución do 2 de novembro de 2020".

Por todo isto o CEIP Albeiros elabora este "Plan formativo virtual COVID-19" para o alumnado de 3º de primaria en diante que será incorporado ao Plan de Continxencia do Centro elaborado a comezo de curso.

Obxectivo

Proporcionar un sistema de docencia virtual que ofrezca ao alumnado en corentenas ou confinamentos totais ou parciais, unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo, cando menos a interacción entre alumnado e profesor, a realización de tarefas e a avaliación do progreso.

Principais medidas

- Desenvolvemento do chamado "horario espello", empregando ferramentas de comunicación e aulas virtuais.
- Distribución de medios informáticos en función das necesidades do alumnado.
- Posta en marcha de mecanismos de avaliación e control do alumnado.
- Formación e información para o ensino a distancia.

Horarios espello

Elaborarase un "horario espello" para a docencia a distancia, de obrigado cumprimento para alumnos e profesores e referencia para as familias, que deberá establecer un proceso formativo similar ao do ensino presencial, avanzando nas programacións.

Estes horarios serán informados ás familias a través do titor/a do grupo de alumnos e publicados na páxina web do centro.

Deberá respectarse a carga lectiva de cada área. Esta repartirase de xeito que, como mínimo, o 60% do tempo se destinará á docencia virtual e o outro 40% a tarefas a realizar por parte do alumnado.

Na distribución horaria deberá figurar unha sesión de titoría para alumnado, e unha sesión de titoría para familias, nas que o/a titor/a desenvolverá as funcións que lle son propias.

A hora de titorías ás familias, seguirá o procedemento habitual:

Martes de 17:00 a 18:00 horas, con cita previa solicitada por diferentes medios como son: AbalarMóbil, correo electrónico,...

Distribución da carga lectiva das materias.

CURSO	3º EP			4º EP			5º EP			6º EP		
	Castelán	Galego	Horas telemáticas	Castelán	Galego	Horas telemáticas	Castelán	Galego	Horas telemáticas	Castelán	Galego	Horas telemáticas
LG		4	2		4	2		4	2		3	2
LC	4		2	4		2	4		2	3		2
MAT	4		3	4		2	5		3	5		3
CC.NN		2	1		2	1		2	1		2	1
CC.SS		2	2		2	1		2	1		3	2
MÚS		1	0,5		1	0,5		1	0,5		1	0,5
PLÁST.	1		0,5	1		0,5		1	0,5	1		0,5
EF	2		1	2		1	2			2		1
ING	3		2	3		2	3		2	3		2
VAL		1	0,5		1	0,5		1	0,5		1	0,5
REL		1	0,5		1	0,5		1	0,5		1	0,5
TOTAL	11	11	15	11	10	15	11	11	15	11	10	15

HORARIOS ESPELLO. CURSO 2020/2021**3ºA**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	Música	Matemáticas	Ed. Física	Matemáticas	LG
10:30- 11:20	Matemáticas PT	Inglés	Relix/Val Plástica	LC	CCSS
11:20- 11:50	TEMPO DE LECER				
11:50- 12:40	LG	LC	CCSS	CCNN	Inglés
12:50- 13:50	TITORÍA A ALUMNADO				
16:00- 17:00		REUNIÓN			
17:00- 18:00		TITORÍA A PAIS/NAIS...			

3ºB

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	<u>Lingua galega</u>	<u>Lingua castelá</u>	<u>Lingua Galega PT/ AL</u>	Matemáticas	Matemáticas
10:30- 11:20	Inglés	Matemáticas	<u>Ciencias naturais</u>	Inglés	<u>Lingua castelá PT/AL</u>
11:20- 11:50	TEMPO DE LECER				
11:50- 12:40	Música/ Plástica	<u>Ciencias sociais</u>	Ed. Física	<u>Relixión/ Valores</u>	<u>Ciencias sociais</u>
12:50- 13:50	TITORÍA A ALUMNADO				
16:00- 17:00		REUNIÓN			
17:00- 18:00		TITORÍA A PAIS/NAIS...			

4ºA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	Ed. Física	<u>Relix./Valores</u>	<u>Matemát.</u>	<u>Lingua G.</u>	Lengua C.
10:30- 11:20	<u>Matemát.</u>	<u>Lingua G. PT</u>	Lengua C.	Plástica	Música
11:20- 11:50	TEMPO DE LECER				
11:50- 12:40	RMI	Inglés	Inglés	<u>C. Sociais</u>	<u>C. Naturais</u>
12:50- 13:50	TUTORÍA A ALUMNADO				
16:00- 17:00		REUNIÓNS			
17:00- 18:00		TUTORÍA A PAIS/NAIS...			

4ºB

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	Inglés	Matemáticas <u>PT</u>	<u>Relixión/Valores</u>	Inglés	Matemáticas <u>PT</u>
10:30- 11:20	Castellano	Ed. Física	Castellano <u>AL</u>	RMI	<u>Galego</u>
11:20- 11:50	TEMPO DE LECER				
11:50- 12:40	<u>Naturais</u>	<u>Galego</u>	<u>Sociais</u>	Música	Plástica
12:50- 13:50	TUTORÍA A ALUMNADO				
16:00- 17:00		REUNIÓNS			
17:00- 18:00		TUTORÍA A PAIS/NAIS...			

5ºA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	Matemáticas AL	Lingua galega	Matemáticas	Lengua castellana	Relixión/Valores Plástica
10:30- 11:20	Música	Ciencias naturais	Ed. Física	Lingua galega	Matemáticas
11:20- 11:50	TEMPO DE LECER				
11:50- 12:40	Lengua castellana PT	Inglés	Ciencias sociais AL	Inglés	Tutoría alumnado PT
12:50- 13:50	TUTORÍA A ALUMNADO				
16:00- 17:00		REUNIÓNS			
17:00- 18:00		TUTORÍA A PAIS/NAIS...			

5ºB

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	Matemáticas	Lingua	Matemáticas	Inglés	Matemáticas
10:30- 11:20	Lengua	Inglés	Sociais	Lengua	Naturais
11:20- 11:50	TEMPO DE LECER				
11:50- 12:40	Ed. Física	Relixión/VSC Plástica	Tutoría PT	Lingua	Música
12:50- 13:50	TUTORÍA A ALUMNADO				
16:00- 17:00		REUNIÓNS			
17:00- 18:00		TUTORÍA A PAIS/NAIS...			

6ºA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	Inglés	Matemáticas	Matemáticas P.T.	Matemáticas	Ed. Física
10:30- 11:20	<u>Tutoría A.L.</u>	CC.SS	Lengua C.	CC.SS	C.N
11:20- 11:50	TEMPO DE LECER				
11:50- 12:40	<u>Plástica</u> <u>Relixión</u> <u>Valores</u>	<u>Lingua G.</u> P.T.	Inglés	Lengua C.	<u>Lingua G.</u>
12:50- 13:50	Música		TUTORÍA A ALUMNADO		
16:00- 17:00		REUNIÓN			
17:00- 18:00		TUTORÍA A PAIS/NAIS...			

6ºB

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20	MAT	Ed. Física	MAT	MAT	C.N
10:30- 11:20	Inglés	L.G	Inglés	L.C	C.S
11:20- 11:50	TEMPO DE LECER				
11:50- 12:40	L.C (PT e AL)	Música	C.S	L.G (PT e AL)	<u>Relixión</u>
12:50- 13:50	TUTORÍA A ALUMNADO				
16:00- 17:00		REUNIÓN			
17:00- 18:00		TUTORÍA A PAIS/NAIS...			

HORARIO ESPELLO AL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:20	GRUPO 5ªA	9:30 h GRUPO 2ªB (30 min)		9:30 h GRUPO 1ªB (30 min)	9:30 h GRUPO 2ªA(25 min)
		10:00 h GRUPO 1ªA (15 min)	10:00 h GRUPO 3ªB (20 min)	10:00 h GRUPO 1ªA (15 min)	10:00 h GRUPO 1ªA (15 min)
10:30-11:20	10:30 h GRUPO 6ªA (30 min)	10:30 h GRUPO 2ªA (25 min)	10:30 h GRUPO 4ªB (30 min)	10:30 h GRUPO 2ªB (30 min)	GRUPO 3ªB (50 min)
	11:00 h GRUPO 6ªA (15 min)	11:00 h GRUPO 6ªB - EI (15 min)	11:00 h GRUPO 1ªB (15 min)	11:00 h GRUPO 1ªB (15 min)	
11:20-11:50	TEMPO DE LECER				
11:50-12:40	11:50 h GRUPO 5ªA- EI (20 min)	11:50 h GRUPO 6ªA- EI (30 min)	11:50 h GRUPO 1ªB (15 min)	11:50 h GRUPO 6ªB (15 min)	11:50 h GRUPO 6ªA – EI (30 min)
	12:10 h GRUPO 6ªB (30 min)		12:10 h GRUPO 5ªA (30min)	12:10 h GRUPO 6ªB (30 min)	12:20 h GRUPO 5ªA- EI (20 min)
12:50-13:50	TITORÍA A ALUMNADO				
16:00-17:00		REUNIÓNS			
17:00-18:00		TITORÍAS A PAIS/NAIS			

HORARIO ESPELLO PT

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20		GRUPO 4ºB	GRUPO 3ºB		GRUPO 4ºB
10:30- 11:20	GRUPO 2ºB	GRUPO 1ºB	GRUPO 2ºB		GRUPO 3ºB
11:20- 11:50	TEMPO DE LECER				
11:50- 12:40	GRUPO 6ºB	GRUPO 4ºB	GRUPO 5ºB	GRUPO 1ºB	GRUPO 4ºB
12:50- 13:50	TITORÍA A ALUMNADO				
16:00- 17:00		REUNIÓNS			
17:00- 18:00		TITORÍA A PAIS/NAIS...			

HORARIO ESPELLO PT

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30- 10:20		GRUPO 5º	GRUPO 6º	GRUPO 5º	
10:30- 11:20	GRUPO 3º				
11:20- 11:50	TEMPO DE LECER				
11:50- 12:40	GRUPO 5º				GRUPO 5º
12:50- 13:50	TITORÍA A ALUMNADO				
16:00- 17:00		REUNIÓNS			
17:00- 18:00		TITORÍA A PAIS/NAIS...			

- De 9 a 9:20 indicaráselles que deben facer o momento de lectura.

Actividade lectiva telemática

O profesorado de 3º curso en diante deberá de empregar a aula virtual do centro e/ou outras plataformas que ofertan as editoriais e acordos co libro de cada materia para o seguimento do seu alumnado en caso de confinamento.

O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles, ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O profesorado terá previstas actividades on line de comprobación das aprendizaxes adquiridas de xeito que posibiliten o seguimento e avaliación continúa do alumnado.

A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través dos servizos dixitais educativos corporativos:

- Plataforma de videoconferencia institucional que permite a interacción en tempo real, compartir contidos e a realización de exercicios.
- Aula virtual: espazo dixital de traballo que permiten dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas.

O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario. O momento da conexión debe establecerse coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo.

As tarefas para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

Necesidades de formación

A dirección do centro promoverá as actividades de información e formación necesarias para que o alumnado poida utilizar con efectividade os medios telemáticos de comunicación co

alumnado e as súas familias e a aula virtual, neste sentido a formación orientarase de xeito vertical de modo que dende o centro se formará aos equipos docentes e posteriormente serán estes quenes formen ao alumnado das súas áreas. Os/as mestres/as deberán asegurarse de que o alumnado conte coas competencias necesarias para o uso dos medios telemáticos que se vaian empregar, e poñer a disposición dos pais/nais ou representantes legais toda a información para que poidan apoiar ao alumnado no proceso.

Formación do claustro:

- Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes (Curso 2019/2020).
- Aproveitamento didáctico de ferramentas institucionais para o ensino mixto (Curso 2020/2021).
- Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes (Curso 2020/2021).

Plataformas a utilizar durante o confinamento:

Plataformas a utilizar para a educación non presencial	
Ed. Infantil	<ul style="list-style-type: none"> • Correo electrónico facilitado ás titoras. • AbalarMobil. • Aula virtual do centro. • Servizo de videoconferencias.
1º Ed. Primaria	<ul style="list-style-type: none"> • Correo electrónico facilitado ás titoras. • AbalarMobil. • Aula virtual do centro. • Servizo de videoconferencias.
2º Ed. Primaria	<ul style="list-style-type: none"> • Plataformas educativas de Internet. • A web do centro. • Correo electrónico facilitado ás titoras. • AbalarMobil. • Aula virtual do centro. • Servizo de videoconferencias.
3º Ed. Primaria	<ul style="list-style-type: none"> • AbalarMobil. • Aula virtual do centro. • Servizo de videoconferencias.
4º Ed. Primaria	<ul style="list-style-type: none"> • AbalarMobil. • Aula virtual do centro. • Servizo de videoconferencias.
5º Ed. Primaria	<ul style="list-style-type: none"> • AbalarMobil. • Aula virtual do centro. • Servizo de videoconferencias.
6º Ed. Primaria	<ul style="list-style-type: none"> • AbalarMobil. • Aula virtual do centro. • Servizo de videoconferencias.

O/a **orientador/a do centro educativo**, no horario establecido pola dirección do centro, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial, realizará as súas funcións, establecidas no artigo 6 do Decreto 120/1998, do 29 de abril, empregando as distintas ferramentas dixitais, ben a demanda dos titores/as ou dos pais/nais ou titores legais do alumnado.

Unha das funcións que deberá desempeñar, dada as circunstancias que estamos a vivir, será a atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais co alumnado.

O **equipo de orientación** estará dispoñible a través das plataformas nomeadas anteriormente e o correo electrónico dos membros.

O mestre/a titor/a poderá empregar outros medios para completar a comunicación co seu alumnado/familias.

O profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente para o alumnado menor de idade, a través da aplicación AbalarMóbil ou a través da aula virtual. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.

Análise das necesidades de dispositivos

Tomaranse como referencia os recollidos na enquisa realizada a comezo de curso e enviados os datos á inspección educativa.

A día de hoxe, o centro educativo non dispón de ordenadores para o alumnado.

Aula Virtual do Centro.

A aula virtual do CEIP Albeiros púxose en funcionamento no curso 2019/2020. Na actualidade están creados todos os cursos de infantil e primaria.

Cada mestre deberá matricular ao seu alumnado nas materias que imparte, así como explicar o funcionamento da aula virtual.

Distribución de medios informáticos.

Seguirase o establecido no: "PROCEDIMENTO XESTIÓN DE EQUIPAMENTO PARA ALUMNADO EN SITUACIÓN DE FENDA DIXITAL", publicado na páxina da Consellería.

Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, os titores organizarán unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias.

Control e seguimento da actividade lectiva.

Titores/as:

Antes de producirse o peche das aulas e de xeito presencial:

- Facer **simulacións que permitan practicar** co alumnado de xeito presencial o uso da aula virtual e dos medios telemáticos de comunicación para poder seguir, se fora o caso, o ensino a distancia.
- **Informar ás familias** sobre o uso dos medios citados para o ensino a distancia, da obriga de participar nas clases non presenciais por parte do alumnado e do control de asistencia telemática que se levará a cabo.

De producirse o peche das aulas e implantarse o ensino a distancia:

- **Atender ao alumnado e ás familias** nas horas de titoría que figuren no seu horario.

Profesorado en xeral:

Antes de producirse o peche das aulas e de xeito presencial:

- Facer simulacións que permitan practicar co alumnado de xeito presencial o uso da aula virtual e dos medios telemáticos de comunicación para poder seguir, se fora o caso, o ensino a distancia.

De producirse o peche das aulas e implantarse o ensino a distancia:

- Seguir o proceso educativo desde o centro ou desde o seu domicilio (neste caso se dispón dos medios adecuados).
- Conectarse co alumnado a través dos servizos dixitais educativos corporativo.
- Facilitar semanalmente á xefatura de estudos un resumo das actividades realizadas semanalmente.

Control de asistencia

A non asistencia ás clases telemáticas terán a mesma consideración que no ensino presencial, é dicir, serán anotadas no programa de xestión XADE, deberán ser xustificadas polas canles habituais.

Avaliación

A dirección do CEIP de Albeiros, a través da Xefa de Estudos, requerirá ao final de cada semana, unha relación daquelas actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido.

Peche ou confinamento

O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación AbalarMóbil e publicará unha nova na web do centro.

O profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente para o alumando menor idade, a través da aplicación AbalarMóbil ou a través da aula virtual.